



ANUNCIO

DESIGNACIÓN DE NOVO MEMBRO NA COMISIÓN DE VALORACIÓN E NOVA DATA DE CONSTITUCIÓN NO PROCEDEMENTO DE PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DE XUVENTUDE. EXPTE. 46751/220.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 06 de febreiro do 2026, adoptou o seguinte acordo:

"PRIMEIRO.- Aceptar a causa de abstención comunicada pola vogal titular O.R.C en doc. nº 250302217, modificando a comisión de valoración designada en acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/10/2025, e en consecuencia designar como vogal titular no seu lugar a Dª B. Arranz González, xefa do servizo de Electromecánicos, mantendo a restante composición contida no acordo citado.

SEGUNDO.- Convocar aos membros da Comisión de Valoración á sesión constitutiva e de valoración provisional dos méritos que terá lugar o día **9 de febreiro as 9:30 h** na sala de xuntas da Secretaría do Concello (primeiro andar).

TERCEIRO.- Contra o presente acordo, e de conformidade co previsto no art. artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

CUARTO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello".

MDG/to

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025).- Patricia Rodríguez Calviño

